

## TARXETA REGALO - CONDICIÓN XERAIS

---

1. A tarxeta regalo (a Tarxeta) é válida para a compra de produtos á venda nas tendas e páxinas web do Grupo Inditex en España: Zara, Pull&Bear, Massimo Dutti, Bershka, Stradivarius, Oysho, Zara Home e Lefties (en diante, individualmente cada un deles, Establecemento, e en conxunto, Establecementos).
2. A Tarxeta é titularidade do seu emisor: INDUSTRIA DE DISEÑO TEXTIL, S.A. (INDITEX, S.A.), NIF A15075062, e domicilio en Avda. da Deputación s/n, Arteixo, A Coruña, sendo o seu portador un mero depositario.
3. Aceptarase a devolución da Tarxeta que non teña sido usada, únicamente no Establecemento onde foi adquirida e nos seguintes prazos:
  - a Tarxeta en soporte físico, no prazo de 30 días naturais dende a data da compra para a Tarxeta adquirida en tenda física; e dende a data do correo electrónico de confirmación de envío para a Tarxeta adquirida en páxinas web.
  - a Tarxeta en soporte visual, no prazo de 30 días naturais dende a data de envío da Tarxeta ao destinatario desta.
  -

A estos efectos considérase uso, tanto o emprego da tarxeta para a compra de produtos, así coma, a recarga da mesma.

O importe pagado reembolsarase na mesma forma de pagamento usada na compra. Para iso é imprescindible a presentación do ticket de compra ou ticket electrónico e, se é o caso, a tarxeta de pagamento e o resgado da operación. Non se admitirán devolucóns de Tarxetas adquiridas noutro país.

4. A tarxeta é recargable, pero o saldo da mesma no se pode devolver nin cambiarse por diñeiro.
5. No seu caso, o reembolso do importe dos produtos adquiridos coa Tarxeta que sexan devoltos efectuarase mediante un incremento do saldo dispoñible na Tarxeta. Así e todo, se non se presenta a Tarxeta no momento da devolución, o reembolso deste importe efectuarase mediante a entrega dunha Tarxeta abonamento, cuxas condicións de uso son:  
A tarxeta abonamento será válida para compras nos Establecementos. O seu saldo non poderá reembolsarse nin cambiarse por diñeiro. Non se substituirá a tarxeta en caso de roubo ou perda.

A forma de reembolso é unha condición esencial, polo que se considera expresamente aceptada coa adquisición ou o uso da Tarxeta.

6. A Tarxeta é un documento ao portador. A responsabilidade do seu uso e custodia corresponde exclusivamente ao seu posuidor. Non se substituirá en caso de roubo, perda ou deterioro, aínda que o Emisor da Tarxeta resérvese o dereito a substituíla no caso de cambio de formato desta.

7. A Tarxeta obtida de forma ilícita será nula, non poderá utilizarse para a compra de produtos e o seu importe non será reembolsado.
8. En caso de adquisición da Tarxeta virtual, non seremos responsables da non recepción ou do atraso na recepción da Tarxeta polo seu destinatario por motivos alleos a nosoutros, incluíndo, entre outros, (i) as deficiencias ou o colapso das liñas ou sistemas de telecomunicacións, (ii) o atraso na transmisión de información ou datos ou perda de información ou datos que poida producirse por calquera das circunstancias mencionadas en (i), (iii) a inexactitude dos datos do destinatario da Tarxeta virtual facilitados polo comprador da devandita Tarxeta, (iv) a imposibilidade de entregar a Tarxeta na conta de correo electrónico facilitada ou (v) a consideración do correo electrónico remitido como spam ou correo non deseñado.
9. A Tarxeta non poderá utilizarse para fins publicitarios ou de promoción, agás autorización previa e por escrito do Emisor.
10. A adquisición ou o uso da Tarxeta implica a aceptación íntegra destas condicións, as cales foron facilitadas previamente á adquisición da Tarxeta e que están dispoñibles nos Establecementos.